

GUÍA




DE ACCESIBILIDADE



COGAMI

Necesitamos espazos:



Cando temos en conta os criterios de deseño universal facilitamos a mobilidade segura nesta nova normalidade.

Que atopamos:



Terrazas que invaden espazos peonís en zonas de paso.



Terrazas instaladas en prazas de aparcadoiro liberadas que son inaccesibles e, polo tanto, exclúen a persoas con mobilidade reducida.



As zonas de acceso só peonil impiden o paso de vehículos de persoas con mobilidade reducida.



O peche de aseos públicos imposibilitan o seu uso a persoas con discapacidade que dependen deles para os seus desprazamentos e actividades pola cidade.



A redución de aforo no transporte público ocasiona a ocupación de espazos reservados.



As ringleiras de persoas para acceder a comercios obstaculizan o paso do resto de viandantes.



Dispensadores de hixiene de mans e a súa localización adoitan non ser accesibles nin doados de localizar.



As medidas de prevención, os EPI, discriminan a algunhas persoas como o uso de máscaras.

Que propoñemos:



Priorizar a mobilidade peonil

Como?


- * Deseñando espazos públicos accesibles e seguros que permitan a libre circulación e liberdade de desprazamento.
- * Recuperando a mobilidade peonil con garantías e sen medo a contaxios.
- * Sensibilizar á cidadanía respecto ás necesidades que xera a nova normalidade nas persoas con discapacidade.



Minimizar riscos de contaxio

De que maneira?

- * Deseñando vías coa beirarrúa e a calzada ao mesmo nivel (plataforma única) aportando versatilidade de uso peonil e vehicular.
- * Dispoñer de sinalización adecuada ou elementos disuasorios que preveñan a invasión do itinerario peonil.
- * Permitindo a ocupación e uso das vías ciclistas por peóns redirixindo a mobilidade ciclista por calzada ou novas vías.
- * Apoiando a peonalización de rúas permitindo o paso a vehículos con persoas con mobilidade reducida.
- * Cortando o tráfico en certas rúas ou declaralas zonas residenciais temporais.
- * Dando preferencia no uso de asentos do transporte público ás persoas con mobilidade reducida.
- * Retirando elementos do mobiliario urbano que obstaculicen o paso.
- * Conservando os aseos públicos adaptados dispoñibles.
- * Priorizando o paso a persoas con discapacidade en posibles aglomeracións.

Os escenarios ideais:





Que podemos facer nós individualmente:



Manter as distancias individuais co resto das persoas.



Se usamos a máscara, evitamos contaxiar ás persoas vulnerables.



Non obstaculizar o paso de viandantes.



Respectar a contorna e ás persoas que viven nela.





COGAMI

Sede Central

Rúa Modesto Brocos, nº 7, Bloque 3, baixos
15704 Santiago de Compostela, A Coruña

T 981 574 698

accesibilidade@cogami.gal

Delegación de Pontevedra

Avda. do Rebullón s/n, Puxeiros
36416 Mos, Pontevedra

T 986 487 925

accesibilidade@cogami.gal